



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL E A ASOCIACIÓN SEMENTE MONFORTE DE LEMOS PARA A POSTA EN MARCHA DUN PLAN DE FORMACIÓN E ASESORAMENTO A INICIATIVAS EMPRENDEDORAS QUE RESULTARON FINALISTAS NO XI CONCURSO DE PROXECTOS EMPRESARIAIS SEMENTE RIBEIRA SACRA

REUNIDOS

Dunha parte, María José Gómez Rodríguez, conselleira do Medio Rural, en virtude do seu nomeamento polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomean os titulares das consellerías da Xunta de Galicia (DOG núm. 73, do 14 de abril), na súa condición de presidenta da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, CIF Q1500273F, con domicilio na Barcia, estrada Santiago-Noia, km. 3, 15897, Santiago de Compostela, e no uso das facultades delegadas atribuídas no Acordo do Consello de Dirección da Agader do 21 de xullo de 2021 (DOG núm. 148, do 4 de agosto).

Doutra parte, María del Pilar López Martínez, en calidade de presidenta da Asociación Semente Monforte de Lemos, CIF G27454016, con domicilio na rúa Juan Ramón Jiménez, 11 – 2º do concello de Monforte de Lemos, 27400, Lugo, en virtude do seu nomeamento por acordo da Xunta Directiva da Asociación "Semente" do 8 de xaneiro de 2021.

Ambas partes teñen plena capacidade para asinar este convenio e,

EXPOÑEN

Primeiro.- A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (en adiante, Axencia) creouse pola disposición adicional sexta da Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo (DOG núm. 251, do 29 de decembro).





A dita lei de creación está modificada, entre outras, pola Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia (DOG núm. 94, do 21 de maio), en cuxo artigo 6 configúrase a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural como unha axencia pública autonómica, de conformidade coa Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, coa consideración de medio propio e servizo técnico da Comunidade Autónoma de Galicia, que actúa como instrumento básico na promoción e coordinación do desenvolvemento do territorio rural galego, co obxectivo de mellorar as condicións de vida dos seus habitantes e de evitar o seu despoboamento.

A Axencia está adscrita á Consellería do Medio Rural, ten personalidade xurídica e patrimonio propios, goza de autonomía administrativa e económica e posúe plena capacidade de obrar, tanto no campo do dereito público como no do dereito privado, para o cumprimento dos seus fins e con suxeición á normativa correspondente.

Segundo.- A Asociación Semente Monforte de Lemos é unha entidade de natureza asociativa de interese público sen ánimo de lucro amparada na Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación e o Real Decreto 949/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro Nacional de Asociacións. Inscrita no Rexistro Provincial de Asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia co número 2014/018258-1ª, os seus estatutos definen como fins principais da entidade o apoio aos colectivos máis desfavorecidos ou en risco de exclusión social; apoio e iniciativas educativas de toda índole e a promoción e apoio a iniciativas empresariais e de emprendemento que radiquen en Monforte de Lemos.

O obxectivo da asociación é promover a solidariedade na Ribeira Sacra e "sementar" iniciativas que dean pulo ao desenvolvemento da bisbarra. Para acadar este obxectivo, entre outras actuacións, a asociación organiza o "**Concurso de proxectos empresariais Semente Ribeira Sacra**", co que se trata de buscar iniciativas de emprendemento e proxectos innovadores para desenvolver o medio rural e poñer en valor os seus recursos.

Como parte do recoñecemento ás iniciativas máis prometedoras, o concurso incorpora a posibilidade de asesoramento especializado e un acompañamento experto nas áreas clave para o seu desenvolvemento:

- Mentorización personalizada para a definición de estratexias e resolución de desafíos específicos
- Asesoramento en modelos de negocio sostibles para garantir a viabilidade e escalabilidade dos proxectos
- Xestión financeira e acceso a financiamento, facilitando ferramentas para unha xestión eficiente de recursos e o acceso a oportunidades económicas
- Un taller grupal, enfocado no networking e a co-creación de solucións colaborativas entre os proxectos participantes





Este plan de formación e asesoramento axuda a complementar os desafíos particulares aos que se enfronta o emprendemento no rural: acceso limitado a financiamento, menor dinamismo nos ecosistemas de negocio, falta de redes de colaboración e a necesidade de modelos sostíbeis que combinen rendibilidade con impacto social e ambiental. Non se trata unicamente de fortalecer as capacidades individuais dos emprendedores, senón tamén tecer unha rede de colaboración entre proxectos, potenciando o desenvolvemento do tecido empresarial. A través de metodoloxías innovadoras e un enfoque práctico, garantirase que cada proxecto emprendedor reciba un asesoramento de alto valor, adaptado ás particularidades do territorio e ao seu sector de actividade.

Terceiro.- O emprendemento é un dos piares básicos para a revitalización do medio rural, e a posta en marcha dun plan de formación e asesoramento a iniciativas emprendedoras permitirá dar maior visibilidade ao medio rural galego, poñer o foco en todo o seu potencial industrial e social e xerar estratexias e sinerxías para incrementar a competitividade e impulsar o crecemento e a xeración de riqueza na Galicia interior.

A colaboración entre a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e a Asociación Semente Monforte de Lemos para apoiar propostas de emprendemento constitúe unha aposta de futuro polo rural galego que contribúe a promover o desenvolvemento sostíbel, inclusivo e innovador do territorio rural.

En consecuencia, as partes asinan o presente convenio de acordo coas seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto

A través deste convenio establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e a Asociación Semente Monforte de Lemos para poñer en marcha un plan de formación e asesoramento a iniciativas emprendedoras que quedaron finalistas na última edición do concurso e mostraron o seu interese en participar.

SEGUNDA.- Compromisos das partes

Mediante o presente convenio as partes asinantes asumen un compromiso de colaborar na formación e asesoramento a iniciativas emprendedoras da comarca de Monforte.

Correspóndelle á Asociación Semente Monforte de Lemos realizar as seguintes actuacións, directamente ou a través dun axente externo, no marco do plan de formación e asesoramento aos proxectos emprendedores que resultaron finalistas do





finalistas na última edición do concurso de proxectos empresariais Semente Ribeira Sacra:

- 12 horas de asesoramento individualizado por proxecto nos seguintes ámbitos + 3 horas de taller grupal:
 - Mentorizaxe personalizada (4h) → para identificar os principais desafíos estratéxicos e deseñar solucións adaptadas á realidade de cada proxecto.
 - Asesoramento en modelos de negocio sostíbles (4h) → para estruturar iniciativas viables, rendíbles e escalables, adaptadas ao contorno rural.
 - Xestión financeira e acceso a financiamento (4h) → para mellorar a planificación económica e explorar fontes de financiamento públicas e privadas.
- Obradoiro colaborativo baseado en metodoloxías innovadoras (Design Thinking / Lego Serious Play) co obxectivo de fomentar o networking, identificar sinerxías e crear redes de apoio entre os emprendedores participantes.
- Accións de promoción e divulgación que garantan a máxima visibilidade do programa formativo e de asesoramento e, ao mesmo tempo a implicación directa da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural no apoio ás iniciativas de emprendemento rural en Galicia. Estas accións materializaranse coas seguintes actuacións:
 - elaboración dun dossier informativo dixital no que se recollerán os obxectivos, contidos e calendario do programa e no que figurará a imaxe corporativa da axencia
 - utilización en todas as sesións dun fondo virtual co deseño gráfico do programa e coa imaxe corporativa da axencia
 - remisión de notas de prensa dirixidos a medios de comunicación da Ribeira Sacra e do ámbito galego
- Organizar unha mesa redonda sobre desenvolvemento rural

Correspóndelle á Axencia Galega de Desenvolvemento Rural:

- Compensar a Asociación Semente Monforte de Lemos co importe derivado dos gastos necesarios para poñer en marcha o plan de formación e asesoramento e o plan de difusión.
- Participar nunha mesa redonda sobre o desenvolvemento rural na que se darán a coñecer as liñas de acción que está a executar a Axencia que teñen como obxectivo prioritario o desenvolvemento das zonas rurais.

TERCEIRA.- Xustificación dos gastos

Os importes serán aboados trala presentación da documentación xustificativa das actuacións realizadas, presentada no prazo e coas condicións indicadas na presente cláusula e logo da emisión dos correspondentes informes técnicos favorables por parte da Axencia a cal, poderá recorrer, se considera necesario, a expertos externos.





Os gastos deben de responder á natureza da actividade e deben de realizarse no período comprendido desde a sinatura deste convenio ata o 30 de setembro de 2026.

Coa xustificación dos gastos das actuacións realizadas, a Asociación deberá de presentar unha memoria xustificativa da formación e das accións de promoción e divulgación realizadas así como a factura das actividades subcontractadas.

CUARTA.- Financiamento

A sinatura deste convenio dá lugar a unha obriga de tipo económico para a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural de 16.335,00 € que se financiarán con cargo á conta orzamentaria 15.A1 712A 6403, código de proxecto 2015-00003.

Para determinar o importe máximo da compensación, tivéronse en conta os seguintes gastos derivados do plan de formación

Actuación	Horas	Formato	Importe
Mentoría personalizada	4	Individual	400 €
Asesoramento en modelos de negocios sustentables	4	Individual	400 €
Xestión financeira e acceso a financiamento	4	Individual	400 €
Taller grupal de networking e creatividade	3	Grupal	200 €
Material e seguimento		Dixital	100 €
Total por proxecto (IVE non incluído)			1.500 €
Total por proxecto (IVE incluído)			1.815 €
Total 9 proxectos			16.335 €

QUINTA.- Publicidade

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

As partes aceptan e consenten a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

SEXTA.- Xurisdición

En todo o non previsto neste convenio será de aplicación a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público quedando excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo





e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, en virtude do establecido no seu artigo 6.1.

Este convenio ten natureza administrativa. A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que poidan suscitarse como consecuencia del.

SÉTIMA.- Vixencia

Este convenio terá unha duración que se iniciará na data da súa sinatura e rematará o 30 de setembro de 2026. En calquera momento antes da finalización do prazo de duración, as partes poderán acordar unanimemente a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais, salvo denuncia de calquera das partes antes do seu termo.

OITAVA.- Comisión de seguimento

Para o seguimento do convenio e da súa execución así como para propoñer solucións aos conflitos que poidan xurdir na aplicación e interpretación das cláusulas do convenio constituirase unha comisión de seguimento que estará integrada por:

- A persoa titular da Dirección Xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.
- A persoa titular da presidencia da Asociación Semente Monforte de Lemos.
- A persoa titular da Secretaría da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e coordinadora das actuacións a levar a cabo no convenio.
- A persoa titular da Secretaría da Asociación Semente Monforte de Lemos.

NOVENA.- Modificación do convenio

A modificación do contido do convenio requirirá acordo unánime dos asinantes e realizarase mediante unha addenda coa normativa aplicable.

DÉCIMA.- Extinción e causas de resolución do convenio

Os convenios extínguense polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Son causas de resolución:

- a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordarse a prórroga do mesmo.





- b) O acordo unánime de todos os asinantes.
- c) O incumprimento das obrigacións e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.
- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- e) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica).

Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Este convenio obriga ás partes que o asinan ao seu cumprimento, e ambas as dúas sométense ao acordado en tódalas estipulacións.

E en proba de conformidade, as partes que interveñen asinan este convenio na data da sinatura dixital.

María José Gómez Rodríguez
(P.D. Acordo do Consello de
Dirección do 21.07.2021)
Presidenta da Axencia Galega de
Desenvolvemento Rural

María del Pilar López Martínez
Presidenta da Asociación
Semente Monforte de Lemos



